



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN FORMALIZADO ENTRE O SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO ESTATAL, O MINISTERIO DE EDUCACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MAR, POLO QUE SE APROBA O PLAN DE ACTUACIÓN PLURIANUAL 2019-2022 DO CENTRO DE REFERENCIA NACIONAL DE ACUICULTURA E MERGULLO NO ÁMBITO DA FORMACIÓN PROFESIONAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que a Consellería do Mar ven de formalizar co Servizo Público de Emprego estatal e o Ministerio de Educación e Formación Profesional o instrumento convencional arriba referido.

O convenio perfeccionouse co consentimento das partes e é eficaz unha vez foi inscrito no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do Sector Público Estatal, e publicado no Boletín Oficial do Estado o 28 de setembro de 2020. A súa vixencia prolongarase ata o 31 de decembro de 2022.

En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.

A modificación do contido do Convenio requirirá acordo unánime dos asinantes, de conformidade co artigo 49. g) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer un Plan de Actuación Plurianual 2019-2022 no que se describan os obxectivos prioritarios do Centro de Referencia Nacional de Acuicultura e Mergullo, a partir da proposta do Consello Social na súa reunión do 19 de maio do 2020.

Anualmente, e de acordo coa normativa aplicable, aprobarase un Plan de Traballo anual no que se concretarán as actuacións para realizar e a achega económica da Administración Xeral do Estado.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

O presente convenio mellora a eficiencia da xestión pública no ámbito da formación profesional, facilita a utilización conxunta de medios e servizos públicos e contribúe á realización de actividades de utilidade pública.

Que carece de contido económico e non xera obrigacións nin contraprestacións económicas entre as partes asinantes, as cales asumirán os custos que deban realizar con cargo aos seus respectivos orzamentos correntes.





Non ten por obxecto a prestación propia dun contrato de acordo ao establecido no artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e o artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Anualmente, e de acordo coa normativa aplicable, aprobarase un Plan de Traballo Anual no que se concretarán as actuacións para realizar e a achega económica da Administración Xeral do Estado.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela



Xacobeo 2021

